

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE LUGO PARA A REURBANIZACIÓN DA RÚA SERRA DE MEIRA.

### REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte Miguel Fernández Méndez na súa condición de alcalde do Concello de Lugo actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria, para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** En febreiro de 2009 asinouse un convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo para realizar as seguintes obras incluídas no Plan Paradai: “Estrada das Gándaras”, “Ponte Paradai e Serra de Meira” e “Avenida Estación – Conde Fontao”.

**Segundo.** Con data 26/06/2012 asinouse unha resolución parcial do convenio pola que se mantíña o compromiso de realizar a actuación entre as rúas Paradai e Serra de Meira, fase 1 e se desistía das outras dúas actuacións.

**Terceiro.** En maio de 2012 licitouse a obra “Infraestrutura viaria en Lugo Ponte Paradai – rúa Serra de Meira. Fase I : Glorieta Puente Paradai-glorieta Serra de Meira. As obras finalizaron en maio de 2015

**Cuarto.** En outubro de 2014 o Concello de Lugo aprobou en pleno instar a Xunta de Galicia a continuar coas obras “Ponte Paradai e Serra de Meira, fase 2” e “Avenida Estación – Conde Fontao” recollidas no convenio asinado en 2009.



Como paso previo a AXI contratou a actualización do proxecto atendendo aos cambios na normativa, ás obra realizadas para a canalización do río Rato e a sección definida no PXOM.

Con data 28/05/2015 a Confederación Hidrográfica Miño-Sil indica que os muros de acompañamento no vial deben de estar fora da zona de servidume do río Rato, o que obriga a incumprir o PXOM vixente. Este informe é vinculante e supuxo a suspensión do contrato agardando un acordo entre confederación e concello.

**Quinto.** En maio de 2021 a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Lugo asinaron un convenio para mellora da canle do río Rato e evitar inundacións. A confederación asumía a redacción do proxecto e a licitación das obras. En abril de 2024 a confederación licitou as obras que tiñan un prazo de execución de seis meses.

**Sexto.** Actualizado o proxecto “Realización de obras de infraestrutura viaria en Lugo. Glorieta Serra de Meira - Glorieta Carlos Azcárraga”, de clave LU/15/009.06, adaptado á actual normativa técnica, e ao proxecto promovido pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil é posible acometer as obras tantos anos paralizadas por problemas técnicos.

**Sétimo.** A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Lugo, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Lugo que permitan a nova urbanización da rúa Serra de Meira para mellorar e ampliar o devandito vial no treito comprendido entre as glorietas de Serra de Meira e da Avda. Adolfo Suárez.



Estas obras inclúen as seguintes actuacións principais:

- Formación da explanada para a ampliación do vial existente.
- Construción de muros de sostemento da nova plataforma ensanchada.
- Afirmado e pavimentación da calzada e execución de novas beirarrúas , pavimentación das sendas peonís, xardinería e mobiliario urbano.
- Reposición e mellora dos servizos urbanos de saneamento (con separación das augas pluviais e residuais), abastecemento de auga, telefonía, electricidade e alumado público.
- Sinalización vertical e marcas viarias.

O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en oitocentos oitenta e un mil novecientos cincuenta euros con corenta sete céntimos (881.950,47 €). A dito importe cómpre engadirlle un 10% adicional en previsión da medición final de obra, de conformidade co artigo 242.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o que supón 88.195,05 €. Máis o importe dos contratos de control e vixilancia presupostados en 134.225,17 €. O importe total ascende a un millón cento catro mil trescentos setenta con sesenta e nove céntimos (1.104.370,69 €), IVE incluído.

## SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE LUGO

O Concello de Lugo asume as seguintes obrigas:

- Poñer a disposición da axencia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para poder realizar as obras descritas na cláusula primeira. Como trámite previo á adxudicación das obras, o concello achegará a certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade da totalidade dos terreos.
- Tramitar todas as licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal a que puidera dar lugar a execución das obras ao ser o concello o seu titular.
- Asumir, unha vez finalizadas as obras e logo da comunicación da Axencia Galega de Infraestruturas, a súa explotación, mantemento e conservación así como as responsabilidades propias como titular destas, e o compromiso de formalizar a correspondente acta de entrega nos tres meses seguintes á recepción das obras.



### TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de:

1. Aprobar o proxecto das obras “Reurbanización da rúa Serra de Meira, Lugo”.
2. Financiar os gastos de execución das obras e asistencia e vixilancia ata un importe máximo **dun millón cento catro mil trescentos setenta con sesenta e nove céntimos (1.104.370,69 €)**, IVE incluído con cargo a partida orzamentaria 11.A1.512B.600.1 código de proxecto 2016-00015 coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe €
2026	500.000,00 €
2027	516.175,64 €
2028	88.195,05 €

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais de 2026.

3. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas así como os contratos de servizo necesarios, asistencias técnicas de vixilancia e control, e formalizar os actos de recepción das mesmas.
4. Unha vez producido o acto formal de recepción das obras, a Axencia Galega de Infraestruturas comunicarao ao Concello de Lugo, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda, apartado 4, de explotación, conservación e mantemento sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras. Posteriormente, e no prazo de tres meses, formalizarase a correspondente acta de entrega á entidade local.

### CUARTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Lugo.



A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula terceira.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **QUINTA. - NATUREZA DO CONVENIO.**

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen, no seu defecto, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polo Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais, e outros entes de dereito público.

Na súa interpretación e desenvolvemento rexerá o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

#### **SEXTA.-MODIFICACIÓNS DO CONVENIO**

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación, de acordo coa normativa de contratos administrativos, que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula primeira do convenio.

En todo caso, os compromisos de gasto recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados, ou redistribuídos entre os diferentes conceptos, unilateralmente por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula primeira do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adjudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, ou, en xeral, calquera outra circunstancia que retrase a execución do convenio, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha *addenda* ao convenio.

A Axencia Galega de Infraestruturas limitará en todo caso a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se produzan por calquera causa, o que non implicará a subrogación desta en ningún dereito nin obriga que se derive da titularidade das obras, que corresponderá ao Concello de Lugo.



### **SÉTIMA.- RESOLUCIÓN**

Serán causas de extinción deste convenio a inviabilidade da realización das actuacións descritas por causas non imputables ás partes así como a renuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes asinantes.

### **OITAVA.- PUBLICIDADE.**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

### **NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO.**

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata a entrega das obras e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2028.

E para que así conste, en proba de conformidade as partes asinan electronicamente este documento.

*A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue*

*O alcalde do Concello de Lugo, Miguel Fernández Méndez*

